

**PSG^{DE}
PSOE**

**NOGUEIRA
DE RAMUÍN**



ÓSCAR SÁNCHEZ YÁÑEZ
O ALCALDE DOS VECIÑOS E VECIÑAS
617 375 387

1º TRANSPARENCIA

- Que os veciños e veciñas, saiban o que pasa no Concello. Como está a débeda. Cando se fagan cursos, actividades, ou haxa algún posto de traballo, que o saiba todo o mundo, non os de sempre. A ADMINISTRACIÓN ten que ter un trato IGUALITARIO e ÉTICO. Poñer os Plenos ás tardes, ou sábados á mañá, para que poidan asistir os veciños e veciñas, e así ver quen os defende e tamén poder participar. Convocalos con tempo, non como está sucedendo, que se convocan o mércores a media mañá, para celebralo o venres a primeira hora, polo que non da tempo a preparalos, pois ao traballar, non se pode recoller a documentación hasta o xoves. Sabedes que normalmente, os Plenos non duran máis de media hora? Non haberá que tratar.....

2º ORGULLO DE VIVIR NAS ALDEAS

- Que todas estén comunicadas acorde cos tempos que vivimos. Que se vexa a televisión sin que a pantalla quede pixelada. Que teñan unha boa cobertura de Internet. Facilitar transporte para desplazarse a Luínta, alomenos unha vez por semana. Que estén limpas de silvas e herbas para prever incendios. Combater o feísmo. Promocionar a restauración de casas, dando asesoramento e facilidades. Promover unha rede de vivendas turísticas, de poucos m², xestionadas polo Concello, que aproveitando o tirón da Ribeira Sacra, nos faga mover xente nas aldeas.

3º CONSUMIR NO COMERCIO LOCAL

- O Concello ten que mercarlle aos empresarios, que co seu esforzo, están contribuíndo a xenerar postos de traballo, e polo tanto, riqueza para este concello. Non parece de recibo, ir a facer ceas nos concellos limítrofes, tendo eiquí establecementos cualificados para elo. Non é de recibo que o Concello reposte combustible nos concellos do lado, habendo eiquí unha gasoleira.....Non é de recibo non repartir as compras entre os distintos provedores.....Sin embargo, cando se organiza algo si se lles vai a pedir colaboración!!!

4º CULTURA

- Acordos coas Asociacións de Veciños, para non pisarse actividades. É importante unha coordinación para facer máis fortes os eventos, e non andar a dividir. Ter mais presenza na Ribeira Sacra, pois soamente somos camiño de paso a outros concellos que sí o están sabendo vender. Hai que moverse e dar difusión ao noso concello.

5º NON A A-76

- O turismo ten que ser, e vai ser, o futuro do concello (eiquí non van vir empresas con 100 traballadores), polo que temos que mimar as nosas paisaxes, e iso, co actual trazado, NON É POSIBLE. Polo tanto, dende esta candidatura, NON VAMOS APOIAR ESA DESFEITA.

6º FOMENTAR ACCIONS CONTRA O CAMBIO CLIMATICO

- Tratar de reducir o uso de combustibles fósiles. Potenciar as enerxias limpas e renovables, así como o uso da biomasa. Recomendar non usar pesticidas. Non á utilización do glifosato para limpiar as estradas de malas herbas. Facer fincapé nas 3 R: REUTILIZAR, REDUCIR e RECICLAR. Xa non hai desculpa: o cambio climático, está aí. Si en 30 anos, vai chover a metade, e subir a temperatura 2'5ºC, hai que empezar a prevelo, e buscar novos mananciais para abastecer de auga potable as aldeas nun futuro, pois só do río NON CHEGA, xa que cada ano, seca durante máis tempo.

7º LOCAIS MUNICIPAIS

- Hai que optimizar o uso dos locais do Concello. Ver que os veciños e veciñas teñan sitio para a realización das distintas actividades en condicións dignas. Non se pode poñer a calefacción para comidas de amigos, e despois dicirlle aos de Pilates, que a eles non se lle pode acender.



ÓSCAR SÁNCHEZ YÁÑEZ
MARIA LOURDES DIÉGUEZ MARTÍNEZ
DAVID DOMÍNGUEZ DOCAMPO
SAMUEL DE MARTÍN DÍAZ
JOSÉ LUIS MARTÍNEZ BLANCO
JOSÉ ANTONIO NOVOA RODRÍGUEZ
JAVIER LAMA GONZÁLEZ
ELOY RODRÍGUEZ FUENTEFRÍA
JULIO RODICIO GÓMEZ
MATILDE VALIÑA GONZÁLEZ
CRISTIAN RODICIO DE MIGUEL
AVELINO GARCÍA VÁZQUEZ (Suplente)